

## Establecemento de vídeo chamadas nos Xulgados de Garda con *Cisco Meeting*

Todos os sistemas de videoconferencia nas sedes xudiciais teñen dispoñible a posibilidade de aceptar conexións dende o exterior da rede corporativa, ben sexa desde outros equipos de videoconferencia tradicionais ou desde un equipo informático conectado a internet.

Este derradeiro caso é o que se está a empregar para levar a cabo multiconferencias organizadas polos Xulgados de garda coas Comisarías, Cuarteis e Avogados para os casos específicos de tomas de declaracións de detidos durante as gardas. Práctica que se pode aplicar a outras actividades destes Xulgados.

### Como planificar e convocar a multiconferencia

- 1) O xulgado debe dispoñer dos **enderezos de correo electrónico** dos que van a ser participantes da multiconferencia. A estes enderezos é onde se debe enviar a ligazón para que os participantes poidan acceder á sala de multiconferencia.
- 2) O xulgado debe **identificar o equipo de videoconferencia** que vai facer de receptor das chamadas de videoconferencia desde o exterior a través da ligazón á súa sala MCU.

**Neste apartado da Intranet pode localizar os datos de todos os equipos de videoconferencia** agrupados por sede xudicial. Se o que desexa utilizar non figura na listaxe, contacte co CSU de Xustiza.

Seleccione un partido xudicial para ver os datos de conexión		Coruña, A				
Ubicación	Nº RDSI	Sala MCU	Dirección electrónica	IP CISCO/Tandberg	IP Polycom	Invitación MCU
Planta 4 Sala 1	881971901	200001	200001@videoconferencia.xunta.gal	200001@85.91.72.6	85.91.72.6##200001	Copiar
Planta 4 Sala 2	881971837	200002	200002@videoconferencia.xunta.gal	200002@85.91.72.6	85.91.72.6##200002	Copiar
Planta 4 Sala 3	881971838	200003	200003@videoconferencia.xunta.gal	200003@85.91.72.6	85.91.72.6##200003	Copiar
Planta 4 Sala 1	881971839	200004	200004@videoconferencia.xunta.gal	200004@85.91.72.6	85.91.72.6##200004	Copiar
Planta 1 Sala 3	881971835	200005	200005@videoconferencia.xunta.gal	200005@85.91.72.6	85.91.72.6##200005	Copiar
Planta 2 Sala 1	881971836	200006	200006@videoconferencia.xunta.gal	200006@85.91.72.6	85.91.72.6##200006	Copiar

- 3) Unha vez localizado o equipo, **prememos no botón “Copiar”** que figura na columna de *Invitación MCU*. Con esta operación teremos copiada no noso *porta papeis* a URL que imos enviar por correo electrónico aos participantes na multiconferencia. Para iso na interface do sistema de correo electrónico, crearemos unha nova mensaxe e pegaremos esa URL mediante *Ctrl + V* ou facendo clic co botón dereito do rato seleccionando “Pegar”.

A ligazón será parecida a esta de exemplo:

<https://join.videoconferencia.xunta.gal/invited.sf?secret=m3QcsiXvoU6DTikaDAH5f3Q&id=200210>

Para ofrecer todas as garantías de identidade de quen está a convocar e tamén de seguridade para os que van recibir o correo cos datos de conexión, este envío debera facerse **dende o enderezo de correo electrónico corporativo (conta xenérica) do xulgado @xustiza.gal** ou ben dende algunha das contas persoais corporativas do ámbito xudicial.

## Conexión a multiconferencia

### 4) **No xulgado de garda deben conectarse á sala de multiconferencia do seu equipo de videoconferencia.**


Directamente no equipo de videoconferencia, só teñen que marcar o nº de sala MCU que ten asignado o equipo (o mesmo código de Sala MCU que aparecía para el na Intranet, ou que figure no adhesivo identificador que teña o equipo).

Se collemos de exemplo o que aparece na imaxe seguinte, sería o 200002 que corresponde a un equipo dos Xulgados da Coruña. Deste xeito xa estarían dentro da sala esperando a conexión dos demais participantes aos que enviaron a convocatoria.

---

*Se o/a Xuiz/a, o/a Fiscal/a, Médico/a forense ou LAX non van estar fisicamente presentes no Xulgado, desde os seus equipos informáticos (conectados por VPN se estiveran fóra da sede xudicial) poden entrar en Google Chrome e ir á URL <https://join.videoconferencia.xunta.gal> ou executar o CiscoMeeting CMA Desktop (instalado nos seus equipos) para localizar o nº de sala MCU e acceder á multiconferencia directamente seleccionando “Comenzar reunión”.*

---



**Neste apartado da Intranet** están dispoñibles as guías de uso de equipos de videoconferencia e *Cisco Meeting* para maior información.

### 5) **Os demais participantes deben facer clic na ligazón que recibiron nos seus enderezos de correo electrónico.**

Na seguinte páxina vai unha **proposta de mensaxe** a enviar a aqueles participantes deban conectarse dende o exterior. Contén as indicacións xenéricas sobre os **requisitos de equipamento e de como deben conectarse**.

Estimado xxxx,

Estas son as indicacións xenéricas para incorporarse dende o exterior dos xulgados a unha **vídeo chamada organizada e convocada polos Xulgados de garda en Galicia** a través da plataforma de videoconferencia *CiscoMeeting*:

- **Recibirá unha mensaxe dende o Xulgado correspondente** cunha ligazón que comezará por <https://join.videoconferencia.xunta.gal/.....>

*Exemplo:*

<https://join.videoconferencia.xunta.gal/invited.sf?secret=m3QcsjXvoU6DTikaDAH5f3Q&id=200210>

- **O equipo** que vaia utilizar debe cumprir coas seguintes **características mínimas** recomendadas:

a) Estar conectado a Internet e dispoñer preferiblemente dunha **líña de datos coa capacidade e estabilidade suficiente** para soportar a transmisión de tráfico de vídeo e audio sen cortes. Se está conectado mediante unha rede wifi, lembre que tamén pode influir a cobertura que teña respecto do router que lle proporciona o sinal, así que asegure que ten a máxima cobertura.

b) Dispoñer preferiblemente de Microsoft Windows 7 ou 10 e dunha **cámara web xunto cun micrófono** (pode estar integrado na cámara web) para poder enviar sinal de vídeo e audio. No caso dos equipos informáticos móbiles xa ven incorporado este equipamento.

c) Dispoñer de *Google Chrome* (navegador recomendado). E para mellorar o rendemento coas vídeo chamadas, asegure que ten desactivada a opción de "*Utilizar aceleración por hardware cuando esté disponible*". Pode comprobalo indo ao apartado de *Configuración --> Sistema* que atopará facendo clic nos "tres puntos" que aparecen no recuncho superior dereito do *Google Chrome*.

- Abrir con **Google Chrome** a ligazón e, (A) poña o seu nome na pantalla de benvida de *CiscoMeeting* para despois facer clic en "*Conectarse a la reunión*". (B) Se accede por primeira vez ao sistema, e posible que o navegador solicite permisos para poder acceder ao seu micro e cámara web. Acepte a solicitude e faga a proba que lle ofrece para verificar o seu vídeo e audio. (C) Se o funcionamento é o correcto, faga clic en "*Comenzar la reunión*".

Atentamente,